

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 16 DE MARZO DO 2017.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b></p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b></p> <p>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D<sup>a</sup> María Esther Patiño Rey D. Anxo Orellan Fernández D<sup>a</sup> María Herminia Pouso Maneiro D. Víctor Reiriz Lampón D. Antonio Javier Jesús Freire Brión</p>	<p><b>Interventor:</b></p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p><b>Secretario Xeral</b></p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>-----</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día dezaseis de marzo do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**


Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión extraordinaria de data 24 de febreiro de 2017, e as actas das sesións ordinarias de datas 2 de marzo de 2017 e 9 de marzo de 2017.

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 14/03/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:






Número de relación	2017 - 000009
Importe total	238.355,26 €
Número de facturas	60
1ª factura.	
Emisor (Cif)	33230817A
Importe	9,55 €
Última factura	
Emisor (Cif)	Y3344595H
Importe	748,00 €


#### B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	08/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 160 bolos de leite, co motivo da celebración do "Día da Árbore 2017"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DULCES LA MARICOLA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DULCES LA MARICOLA		
NIF/CIF:	J15769193		
Importe (IVE Incluído):	240,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	2	Data	08/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de augas, co motivo da celebración do "Día da Árbore 2017"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BODEGAS LA PARRA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	BODEGAS LA PARRA, S.A.		
NIF/CIF:	A15134489		
Importe (IVE Incluído):	19,79 €		
Observacións:			





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	3	Data	08/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de 2 monitores e espectáculo de contacontos, co motivo da celebración do "Día da Árbore 2017"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.		
NIF/CIF:	B70072905		
Importe (IVE Incluído):	314,60 €		
Observacións:			

Nº Proposta	4	Data	08/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de árbores e abono para plantación, co motivo da celebración do "Día da Árbore 2017"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.		
NIF/CIF:	B15847460		
Importe (IVE Incluído):	818,24 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	08/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 50 gorras impresas para agasallos, co motivo da celebración do "Día da Árbore 2017"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE Incluído):	114,35 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	09/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Xuventude e Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de gas propano para a caldeira de auga quente do albergue da Casa de Xuventude		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GASÓLEOS ABEGONDO, S.L.
Informe:			





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	GASÓLEOS ABEGONDO, S.L.
NIF/CIF:	B15519598
Importe (IVE non incluído):	1.695,50 €
Observacións:	

Nº Proposta	7	Data	10/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Xuventude e Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Limpeza de roupa do albergue da Casa de Xuventude		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	AIDA GALICIA, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	AIDA GALICIA, S.C.		
NIF/CIF:	J15707326		
Importe (IVE incluído):	846,60 €		
Observacións:			

Nº Proposta	8	Data	09/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Xefa de Servizo do Departamento de Servizos Sociais Mª Francisca Vidal Regueira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Posta en funcionamento do Curso "Dependencia y Cuidados"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FUNDACIÓN HUMANISMO Y DEMOCRACIA H+D
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FUNDACIÓN HUMANISMO Y DEMOCRACIA H+D		
NIF/CIF:	G28518546		
Importe (IVE exento):	1.500,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	9	Data	09/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 48 (10+38) caixas de papel DIN-A4 para a Lonxa e Casa do Concello		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (IVE incluído):	679,54 €		
Observacións:			






CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	10	Data	09/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Benestar Comunitario Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO	Substitución de dúas caixas de vertido da illa de contedores soterrados do Parque García Bayón		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	F. GONZÁLEZ POUSA, S.L.
Informe:	Policía Local (26/02/2017)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	F. GONZÁLEZ POUSA, S.L.		
NIF/CIF:	B70458120		
Importe (IVE incluído):	3.124,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	11	Data	13/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Representación do espectáculo "Mensaxe do mar" da compañía Fantoches Baj, co motivo da celebración do Día Día Internacional do Teatro e Día das Artes Galegas 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	URDIME, S.COOP.GALEGA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	URDIME, S.COOP.GALEGA		
NIF/CIF:	F70353982		
Importe (IVE incluído):	1.300,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	12	Data	13/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gasto en concepto de imprevistos co motivo da celebración do Día Internacional do Teatro e Día das Artes Galegas 2017, para atender as necesidades que puideran xurdir co motivo desta celebración		
Nº orzamentos aportados		Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe:	50,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	13	Data	13/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 70 carteis, con reparto e pegada, e 1.200 marcapáxinas, con reparto, co motivo da celebración da X Mostra de Títeres "Ti-Tiritando de Emoción"		





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego


Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - FRANCISCO J. BESADA MOLINA - DOSTEX, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (IVE incluído):	181,09 €		
Observacións:			

Nº Proposta	14	Data	13/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Representación do espectáculo "Juan Feroz & Lobo López" o 01/04/2017, co motivo da celebración da X Mostra de Títeres "Ti-Tiritando de Emoción"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HILANDO TÍTERES, C.B.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	HILANDO TÍTERES, C.B.		
NIF/CIF:	E85738672		
Importe (IVE incluído):	1.050,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	15	Data	13/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Representación dos espectáculos "O Murmurio do Mar" e "As aventuras de Gale" o 08 e 22/04/2017, co motivo da celebración da X Mostra de Títeres "Ti-Tiritando de Emoción"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CELTIA FIGUEIRAS RAMA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	CELTIA FIGUEIRAS RAMA		
NIF/CIF:	44849221A		
Importe (IVE incluído):	1.500,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	16	Data	13/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Representación do espectáculo "A viaxe de Rosalía" o 29/04/2017, co motivo da celebración da X Mostra de Títeres "Ti-Tiritando de Emoción"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	URDIME, S.COOP.GALEGA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	URDIME, S.COOP.GALEGA		





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

NIF/CIF:	F70353982
Importe (IVE incluído):	474,00 €
Observacións:	"A viaxe de Rosalía" (de caché artístico 790,00 € - B.I. 652,89 €) é solicitada ao AGADIC correspondendo ao Concello de Riveira o financiamento de 474,00 €

Nº Proposta	16	Data	13/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Previsión canon SGAE en concepto de dereitos de autor que puideran derivarse das representacións, co motivo da celebración da X Mostra de Títeres "Ti-Tiritando de Emoción"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES		
NIF/CIF:	G28029643		
Importe (IVE incluído):	283,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	17	Data	13/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de 16 horas de asistencia técnica de son, co motivo da celebración da X Mostra de Títeres "Ti-Tiritando de Emoción"		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ - JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	52932383E		
Importe (IVE incluído):	135,52 €		
Observacións:			

Nº Proposta	18	Data	13/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gasto en concepto de imprevistos, co motivo da celebración da X Mostra de Títeres "Ti-Tiritando de Emoción"		
Nº orzamentos aportados		Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe:	100,00 €		
Observacións:			





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	19	Data	09/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de asesoramento e xestión do Viveiro de Empresas durante outro ano, a través do Convenio de Colaboración (16/03/2016) entre o Concello de Riveira e a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela: - Eixe I: Fomento do espírito emprendedor - Eixe II: Estudo e análise de proxectos - Eixe III: Asesoramento xurídico empresarial		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA Y NAVEGACIÓN DE SANTIAGO
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA Y NAVEGACIÓN DE SANTIAGO		
NIF/CIF:	Q1573004G		
Importe (IVE incluído):	18.495,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	20	Data	10/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	66,27% do caché por representación de maxia "Encantamento de rúa" o 12/08/2017, según convenio con Agadic, co motivo da participación no programa Cultura no Camiño 2017.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARTÍN CAMIÑA SERÉN
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MARTÍN CAMIÑA SERÉN		
NIF/CIF:	76927637C		
Importe (IVE incluído):	1.690,00 €		
Observacións/anexo ao acordo:	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda participar no programa Cultura no Camiño 2017		

Nº Proposta	21	Data	10/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	60% do caché por representación teatral "As tres con Puri" o 08/09/2017, según convenio con Agadic, co motivo da participación no programa Cultura no Camiño 2017.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ANDAMIAXE INNOVA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ANDAMIAXE INNOVA, S.L.		
NIF/CIF:	B70089891		
Importe (IVE incluído):	840,00 €		
Observacións/anexo ao acordo:	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda participar no programa Cultura no Camiño 2017		








CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	22	Data	10/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	60% do caché por representación de títeres "A viaxe de Rosalía" o 29/04/2017, según convenio con Agadic, co motivo da participación no programa Cultura no Camiño 2017.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARÍA LARRAITZ URRUZOLA TOLOSA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MARÍA LARRAITZ URRUZOLA TOLOSA		
NIF/CIF:	72435281R		
Importe (IVE incluído):	474,00 €		
Observacións/anexo ao acordo:	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda participar no programa Cultura no Camiño 2017		

Nº Proposta	23	Data	10/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	60% do caché por representación de circo "Combinado de Circo Galego" o 08/07/2017, según convenio con Agadic, co motivo da participación no programa Cultura no Camiño 2017.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CULTURACTIVA, S.C.G.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	CULTURACTIVA, S.C.G.		
NIF/CIF:	F15983067		
Importe (IVE incluído):	1.452,00 €		
Observacións/anexo ao acordo:	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda participar no programa Cultura no Camiño 2017		

Nº Proposta	24	Data	10/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	60% do caché por representación de maxia "A viaxe da miña vida" o 29/07/2017, según convenio con Agadic, co motivo da participación no programa Cultura no Camiño 2017.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HÉCTOR GARCÍA GUERRA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	HÉCTOR GARCÍA GUERRA		
NIF/CIF:	34997925K		
Importe (IVE incluído):	1.194,00 €		
Observacións/anexo ao acordo:	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda participar no programa Cultura no Camiño 2017		





### III.- CONTRATACIÓN.

#### Control de calidade externo para a obra "REMODELACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARREIRA"

Visto que o expediente de contratación para as obras de "Remodelación do Campo de Fútbol de Carreira" foi adxudicado á empresa CANARGA, S.L., polo importe de 207.219,00 euros, segundo acordo da x.g.l. na sesión celebrada o 22.12.2016.

Visto que dita obra é financiada pola Deputación da Coruña a través do Plan de Aforro e Investimento 2016, cuxo Prego de condicións establece no artigo 31.4, que en cada unha das certificacións mensuais de obra reterase ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra, e no seu caso, a porcentaxe que, excedendo deste 1% ofrezca o adxudicatario.

Considerando que na oferta presentada polo adxudicatario consta que ofrece un 4% para a contratación dos traballos de control de calidade das obras.

**A Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e vista a proposta da Alcaldía, de data 14/03/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1) A contratación da empresa 3C Calidad y Control S. Coop. Galega co CIF F-70380167 polo importe de 8.873,08 euros, segundo proposta de gasto da Enxeñeira Municipal.
- 2) Dar traslado do presente acordo á empresa adxudicataria aos efectos de informal da retención a practicar nas certificacións mensuais de obra de ata un máximo do 4% do orzamento de execución material da obra.
- 3) Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal aos efectos das anotacións contables preventivas que correspondan.


### IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún expediente para a súa dación de conta.

### V.- AUTORIZACIÓN DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





#### VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Jesús Paz González**, de data 10/02/2017 (Rexistro de entrada nº 2.141), no que solicita información urbanística sobre parcela sita en Martín (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 13/03/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 1009107NH0100N0001AB

Según la Disposición Transitoria Primera de la LEI 2/2016, do 10 de febrero, del suelo de Galicia se establece que el PXOM de Riveira, aprobado definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de esta ley y no adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, conservará su vigencia hasta su revisión o adaptación a ella según las siguientes reglas:


- a) Al suelo urbano consolidado, integrado por los terrenos que reúnan a condición de solar o que, por su grado de urbanización efectiva y asumida por el planeamiento urbanístico, puedan adquirir dicha condición mediante obras accesorias y de escasa entidad que puedan ejecutarse simultáneamente con las de edificación se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo urbano consolidado.

Los propietarios de solo urbano tienen el derecho de completar la urbanización de los terrenos para que adquieran la condición de solar y a edificar estos en las condiciones establecidas en la LEY 2/2016 y en el planeamiento aplicable y, cuando proceda, participar en la ejecución de actuaciones de transformación urbanística en un régimen de justa distribución de beneficios e cargas.

Los propietarios de suelo urbano consolidado tienen los siguientes deberes:

- a) Ceder gratuitamente a la administración titular de la vía los terrenos destinados a viales fuera de las alineaciones establecidas en el planeamiento cuando pretendan parcelar, edificar o rehabilitar integralmente.

- b) Completar por su cuenta la urbanización necesaria para que los terrenos alcancen, si aún no la tienen, la condición de solar, en los supuestos de edificar o rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán los costes de urbanización





precisos para completar os servicios urbanos e executar las obras necesarias para conectar con las redes de servicios y viaria en funcionamiento.

#### REQUISITOS DE LA PARCELA:

Tendrán la condición de solar las superficies de suelo urbano legalmente divididas y aptas para la edificación que cuenten con acceso por vía pública pavimentada y servicios urbanos de abastecimiento de agua potable, evacuación de aguas residuales a la red de saneamiento, suministro de energía eléctrica e iluminación pública, en condiciones de caudal y potencia adecuadas para los usos permitidos. Se existe planeamiento, además de lo anterior, deberán estar urbanizadas de acuerdo con las alineaciones y rasantes de todas las vías a las que den frente.

#### CONDICIONES DE EDIFICACIÓN PARA PARCELAS QUE ALCANCEN LA CONDICIÓN DE SOLAR:

Las construcciones e instalaciones deberán adaptarse al ambiente en el que estén situadas, y para tal efecto:

a) Las construcciones en lugares inmediatos a un edificio o a un conjunto de edificios de carácter histórico o tradicional deberán armonizar con él.

b) En los lugares de paisaje abierta o natural, o en las perspectivas que ofrezcan los conjuntos urbanos de características históricas o tradicionales y en las inmediaciones de las carreteras o caminos de trayecto pintoresco, no se permitirá que la situación, masa o altura de las construcciones, muros y cerramientos, o la instalación de otros elementos, limiten el campo visual para contemplar las bellezas naturales, rompan la armonía del paisaje, desfiguren la perspectiva propia de ella o limiten o impidan la contemplación del conjunto.

c) La tipología de las construcciones y los materiales y colores empleados deberán favorecer la integración en el contorno inmediato y en el paisaje.

d) Las construcciones deberán presentar todos sus paramentos exteriores y cubiertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida la publicidad estática que por sus dimensiones, localización o colorido no cumpla las anteriores prescripciones.

f) En las zonas de flujo preferente y en las áreas amenazadas por graves riesgos naturales o tecnológicos como explosión, incendio, contaminación, hundimiento u otros análogos solo se permitirán as construcciones y usos admitidos por las legislaciones sectoriales correspondientes.

#### 1.1. Obras admisibles


Son admisibles todo tipo de obras de:


Demolición  
Reforma  
Ampliación  
Nueva planta

#### 1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda colectiva





Usos admisibles: sólo se admitirán además del uso característico, los terciarios que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, es decir, sólo se admitirán las oficinas, comercios y talleres de nivel de compatibilidad similar al doméstico.

### 1.3. Tipologías edificatorias

Vivienda colectiva adosada a medianeras existentes, pareada y en hilera, que deberán justificar sus condiciones tipológicas para garantizar la integración de las nuevas edificaciones con las preexistentes.

Esta justificación será extensible a las condiciones geométricas, de la edificación, en coherencia con las condiciones generales de parcela.

## 2. Parámetros de la edificación

### 2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 200 m<sup>2</sup>

Frente mínimo: Será de 10 m. pudiéndose autorizar la edificación en parcelas con frente menor 8 m. en el caso de viviendas adosadas a medianeras existentes o pareadas.

### 2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos 3 metros y podrá retranquearse de la alineación hasta un máximo de 8 metros, pudiéndose adosar con uno de los colindantes previo acuerdo por escrito de las partes y obligándose a adosar en el caso de existir una edificación con medianera existente sobre dicha parcela; en caso de existir dos medianeras sobre una misma parcela, no se obligará a tener un frente mínimo de 8 metros, ni las demás condiciones de edificación.

### 2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad: 1,25 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>

Altura edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se permite la planta sótano, con ocupación de toda la parcela para aparcamientos y servicios.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coronación: será de 4,00 metros sobre el último forjado.


### 2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que la 6.1.

### 2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se adoptarán soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.





En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

#### CONDICIONES PARTICULARES

La parcela está situada en suelo urbano ordenanza 6.2.

Es de aplicación lo establecido en el apartado anterior.


2.- Visto o escrito presentado por Milagros Rey Pérez en representación da **Asociación Ambar**, de data 01/03/2017 (Rexistro de entrada nº 3.214), no que solicita informe relativo á vixenza de licenza para construción de edificio destinado a centro ocupacional en Frións (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 08/03/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar á solicitante como segue:

En relación ó asunto que figura no presente encabezamento, de acordo cos datos facilitados polo solicitante (informe-certificado da arquitecta da obra de data de 24.02.2017), examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

- 1) Con data de 12 de decembro de 2000 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza á Asociación de minusválidos do Barbanza "Ambar" para a construción dun edificio destinado a centro ocupacional e de formación de minusválidos a emprazar no lugar de Frións, Riveira.
- 2) A día de hoxe, e de acordo co informe anexo emitido pola arquitecta autora do proxecto e directora da citada obra, a edificación está en fase de execución, estando pendente por executarse unha porcentaxe sobre a totalidade da obra autorizada no seu día do 18,40 %.
- 3) Por outra banda, cabe indicar e a partires da solicitude formulada, que ata a data non se ten declarada a caducidade da licenza por parte do Concello, polo que enténdese que a licenza mantén a súa vixencia e eficacia.





**IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

**RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON JUAN JOSÉ SANTAMARÍA VILA POR DANOS OCASIONADOS AO SEU VEHÍCULO POR MOR DO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE XARDINERÍA. Expediente RP 14/2016.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **don Juan José Santamaría Vila**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

Primeiro.- O día 05 de xullo de 2016, o vehículo marca Ford Focus, matrícula 9774 CTX, propiedade de don Juan José Santamaría Vila, estaba estacionado no lugar coñecido co nome Corazón de Jesús, cando resultou ensuciado con restos de herbas, pedras e terra procedentes das labores de limpeza que estaba a efectuar o servizo municipal de xardinería no referido lugar.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 12/07/2016 co número 9.175, don Juan José Santamaría Vila, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira demandando o abono do custe da limpeza do vehículo que cuantifica na contía total de 12,10 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple da factura emitida polo lavado do automóbil; e nove fotografías do estado do vehículo.

Mediante escrito rexistrado de entrada na data 07/12/2016 co número 15.924, o reclamante, a petición deste Concello, achega copia simple do permiso de circulación do vehículo.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido pola Policía local remitido na data 12/01/2017.





- Informe emitido na data 16/01/2017 polo capataz do servizo municipal de xardinería.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, sen que durante o mesmo conste a presentación de alegacións.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

##### Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

##### Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).


##### Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.


De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non







teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación, xa que segundo consta na documentación do expediente é a titular do vehículo que sufriu os danos. E fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do sinistro.**


Por outra banda a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Riveira, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.


Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca Ford Focus con placas de matrícula 9774 CTX. Así se deduce da factura dos danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Riveira tivo constancia dos feitos polos que se reclama, polo que puido comprobar a veracidade dos mesmos.** Así no informe emitido como consecuencia do sucedido dispónse: *“Que durante el servicio prestado en el turno de mañana del martes día 5 de julio de 2016, recibió aviso sobre las 10:55 horas de la sala operativa para que acudiese a la c/Ramón Aller ya que los jardineros municipales habían realizado tareas de limpieza en un terreno en esa calle y habían ensuciado un vehículo estacionado con restos de hierbas, piedras y tierra. Que personado en el*





*lugar de los hechos se encuentra al vehículo afectado siendo un Ford Focus gris con matrícula 9774-CTX y al titular del mismo, resultando ser D. Juan José Santamaría Vila, con DNI 52450209-C, con domicilio en c/Ramón Aller nº 8, 1º quién manifiesta que los jardineros estuvieron realizando tareas de corta y desbroce de hierba sobre las 10:30 horas y que habían ensuciado su vehículo. Que el vehículo se encontraba efectivamente lleno de restos de hierbas, tierra y pequeñas piedras, tal como se puede observar en el siguiente reportaje fotográfico”.*

- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 16/01/2017 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos: “ ... se deixa constancia neste informe de que, tal e como afirma o reclamante, o día 05 de xullo de 2016 mentres se facían labores de limpeza no lugar coñecido co nome de Corazón de Jesús, ensuciouse un vehículo que estaba estacionado no lugar con restos de herbas, pedras e terra. O vehículo afectado foi un Ford Focus, matrícula 9774 CTX, propiedade de don Juan José Santamaría Vila.”**

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo marca Ford Focus con placas de matrícula 9774 CTX, propiedade de don Juan José Santamaría Vila e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.


Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 01/03/2017, e visto o informe de fiscalización previa limitada (Gastos), emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 06/03/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don Juan José Santamaría Vila, polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 12,10 euros, que abonará integramente o Concello de Riveira**, xa que a contía dos danos non supera a franquicia de 150 euros establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas.

## **XII.- VAOS PERMANENTES.**

Visto o escrito presentado por **Cipriano Martínez Ayaso**, de data 06/03/2017 (Rexistro de entrada nº 3.469), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible sito na da Rúa Nova, nº47 (Castiñeiras).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 07/03/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



**Conceder** a **Luisa Antonia Ageitos Vázquez** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmobile sito na Rúa Nova, nº47 (Castiñeiras).

Así mesmo, deberá reforzarse a sinalización vertical delimitando o espazo con marca vial amarela lonxitudinal discontinua (3,00 m) que delimita o espazo prohibido, e no lateral de apertura do portalón ampliando con marca vial amarela lonxitudinal continua (3,00 m) para facilitar a saída ou acceso de vehículos, según consta no citado informe.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

### XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

#### SOLICITUDES DE SUBVENCIONS

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Cultura, M<sup>a</sup> Herminia Pouso Maneiro**, de data 14/03/2017, relativa á comunicación da **Federación de Corais de Galicia, FE.CO.GA.** anunciando a convocatoria e bases para solicitar unha subvención cuxo obxecto pode ser a celebración de concertos de música vogal por importe de 700,00 € ou un curso de Técnica Vogal de 500,00 €.


A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Solicitar unha achega á FE.CO.GA.** destinada á celebración do Festival das Letras Galegas que terá lugar o 14 de maio de 2017 coa participación da Coral Polifónica Municipal de Riveira, Coral do Círculo Mercantil de Riveira e Coral Alameda de Pontevedra.

#### REMISIÓN INFORME SOBRE SOLICITUDE DE EXTRACCIÓN DE AREA PARA CONSERVACIÓN DE CEBO VIVO DESTINADO A PESCA (T.M. DE RIVEIRA)

Visto o escrito remitido pola **Demarcación de Costas en Galicia**, de data 03/03/2017 (Rexistro de saída nº 20170030008283), rexistrado de entrada en data 08/03/2017 co nº 3.720, no que solicita emisión de informe relativo a solicitude de autorización para realizar actuacións de extracción de area para cebo vivo en praias de Riveira por parte da Cofradía de Pescadores de "San Pedro" de Riveira (CLAVE: OPC 39/01-2017).





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** remitir á Demarcación de Costas en Galicia o informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 10/03/2017, que a continuación se transcribe:

“INFORME DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

CLAVE: OPC 39/01-2017  
ASUNTO: EXTRACCIÓN DE AREA PARA CONSERVACIÓN DE CEBO VIVO DESTINADO A PESCA (T.M. DE RIVEIRA)

ANTECEDENTES

Na data do 8 de marzo de 2017 tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello un escrito da Demarcación de Costas en Galicia mediante o que se solicita informe municipal ao abeiro do procedemento establecido no artigo 152 do *Regulamento Xeral de Costas*, aprobado mediante o *Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro*, en relación coa solicitude de autorización efectuada por D. José Antonio Pérez Sieira, en calidade de Patrón Maior da Confraría de Pescadores “San Pedro” de Riveira, para extracción de area co fin de conservación de cebo vivo para a pesca.

INFORME

Examinada a documentación presentada, fago as seguintes apreciacións:

- O sistema de extracción da area é manual e o realiza o armador ou algún tripulante das embarcacións relacionadas (tripulacións de 1 ou 2 persoas).
- As zonas onde se realiza a extracción, máis habitualmente, son as praias de Couso, Castiñeiras, Mosqueiros e Coroso, en función das condicións que presente a area ese día, pois ten que ser grosa e estar limpa, e algunhas praias esas condicións danse en baixamar.
- Na extracción non intervén ningún vehículo, é manual. A cantidade que precisan é de 100 a 125 Kg/mes.
- A area usada vértese ao mar.
- As localizacións onde se realizarán as extraccións de area están incluídas integramente en Dominio Público Marítimo Terrestre.

Espazos naturais protexidos e plans de conservación.

Efectuada consulta no visor de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, estes son os resultados obtidos ao cargar as capas correspondentes a: Rede Natura 2000, Rede Galega de Espazos Protexidos e Biodiversidade para as zonas das praias obxecto de actuación:

Couso

Capa: Plan cons. Pillara das dunas


	NOME	TIPO	N2000	PERIMETRO	HECTAREAS	REPROD	INVERN
<u>Zoom</u>	Couso	POTENCIAL	NON	593.414516	0.611827	SI	SI


Castiñeiras

Capa: Plan cons. Pillara das dunas

	NOME	TIPO	N2000	PERIMETRO	HECTAREAS	REPROD	INVERN
<u>Zoom</u>	Castiñeiras	POTENCIAL	NON	1027.264113	1.274648	SI	SI

Mosqueiros





CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

Coroso

Capa: Plan cons. Píllara das dunas


NOME	TIPO	N2000	PERIMETRO	HECTAREAS	REPROD	INVERN
Zoom Coroso	PRESENCIA	NON	2997.111431	11.370522	SI	NON


Non se prevé efectuar extracción en espazos naturais protexidos da Rede Galega de Espazos Protexidos.

Biodiversidade. Algunhas das praias están incluídas no ámbito de aplicación do *Plan de Conservación da Píllara das Dunas dunas (Charadrius alexandrinus L.) en Galicia*.

Ao respecto das determinacións e normas previstas no Plan cómpre salientar o seguinte:

<i>Plan de conservación da píllara das dunas (Charadrius alexandrinus L.) en Galicia, aprobado mediante o Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro</i>	
Artigo 9. Normas xerais	Observacións
1. En todos aqueles territorios de Galicia incluídos na zonificación da píllara das dunas serán de aplicación, con carácter xeral as seguintes normas:	
a) No marco de aplicación do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia, os proxectos de ordenación e restauración ambiental ou paisaxística realizaranse conforme os principios e normas establecidos neste decreto e respectarán os requirimentos ecolóxicos da píllara das dunas e a conservación do seu hábitat.	Non procede
b) Tanto os proxectos como os plans e programas comprendidos no ámbito de aplicación da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, cando poidan afectar o hábitat da píllara das dunas, deberán avaliar os seus efectos sobre esta especie e garantir a conservación da súa poboación.	Non procede
2. Previamente á autorización das seguintes actividades, deberá avaliarse o seu posible impacto sobre a píllara das dunas:	
a) O novo trazado ou modificación de estradas, pistas, camiños ou carreiros que poidan afectar o hábitat da píllara das dunas.	Non procede
b) Os instrumentos de planificación territorial e urbanística, así como calquera modificación deles con efectos ambientais.	Non procede
Artigo 10. Normas específicas para a área de presenza	Observacións
1. Nas zonas de presenza en período reprodutivo pertencentes á rede galega de espazos naturais protexidos adoptaranse medidas de xestión específicas respecto ao tránsito e acceso aos respectivos frontes de praia. Na definición destas medidas evitarase a apertura de novos accesos a áreas prioritarias e teranse en conta os accesos	Non procede, os areas sinalados na solicitude non están incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos






CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego


<i>recomendados establecidos no anexo V.</i>	
<i>2. Nas zonas de presenza en período reprodutivo non se permite a presenza de animais libres do ámbito de aplicación da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e as persoas portadoras de animais atados serán responsables de que non produzan molestias ás aves.</i>	Non procede
<i>3. O tránsito con cabalos e a práctica do kite buggy están, así mesmo, prohibidos, salvo autorización específica do órgano competente en materia de conservación da natureza que garanta a non interferencia coa especie.</i>	Non procede
<i>4. A autorización por parte das administracións estatal, autonómica e local de actividades deportivas, culturais e turísticas organizadas que impliquen aglomeracións de persoas ou perturbacións non habituais na praia debe de avaliar previamente a súa posible interacción coa especie e garantir que non é afectada.</i>	Non procede
<i>5. Nas zonas de presenza pertencentes á rede galega de espazos naturais protexidos, con carácter xeral, non se permiten o aerodelismo, ala delta con motor e actividades similares en todo o ciclo anual.</i>	Non procede, os areas sinalados na solicitude non están incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, e a actividade non é asimilable
<i>6. Para a práctica do kitesurf deberanse respectar as limitacións e as canles establecidas en cada areal para montar as cometas e para a entrada e saída da auga que se establecen no anexo V. Non obstante, cando por causa de forza maior non se poida volver navegando á antedita zona ou en caso de ser necesario para salvagardar a integridade física do deportista, poderase saír da auga en calquera punto da praia. Cando a saída se produza fóra das zonas establecidas para tal fin e as condicións de marea impidan volver camiñando pola beira a máis de 60 metros do cordón dunar, a persoa deberá recoller a cometa e camiñar con ela ata a zona delimitada.</i>	Non procede

Regulación da área de presenza: anexo V do Plan de Conservación.

Areal		Natura 2000	Reproducción Invernada	Accesos recomendados (artigo 10.1)	Limitacións e zonas para a práctica do kitesurf (artigo 10.5)
A Coruña	Coroso		X		Utilizarase a canle definida no anexo I entre 15/marzo e 15/xullo, permitíndose utilizar toda a fronte de praia o resto do ano.



CONCLUSIÓNS



A actividade prevista non é obxecto de regulación no *Plan de conservación da pillara das dunas*. O impacto da mesma é pouco significativo e, atendendo aos datos dispoñibles, non afectaría ás zonas prioritarias de conservación da especie.

No ámbito de competencias municipais, dende o punto de vista da incidencia ambiental, informo de xeito favorable a solicitude presentada aos efectos da resolución que no seu día adopte a Demarcación de Costas en Galicia, nas condicións previstas na propia solicitude ao respecto da devolución de area unha vez finalizado o uso previsto.

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender, e que someto a calquera outra mellor formada, tendo carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario.

Riveira, 10 de marzo de 2017

O Técnico Municipal de Medio Ambiente  
Ignacio L. Fernández Veiga”

### **AUTORIZACIÓNS TEMPORAIS PARA INSTALACIÓN DE POSTOS DE QUIOSCOS E TERRAZAS EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO ENTORNO DAS PRAIAS DE COROSO (2), PUNTA TOURO (1) E AMEIXIDA (1), TEMPADA 2017**

Vista a dificultade para obter autorización para instalacións de tempada en zona de Dominio Público Marítimo Terrestre, especialmente en determinadas zonas do litoral como a praia de Coroso.


Dado o interese que pode ter a utilización dos terreos municipais próximos ás praias de Coroso, Touro-Punta Touro e Ameixida, para a instalación de ata catro postos de quioscos de tempada de verán que dean servizo aos usuarios das mencionadas zonas habilitadas para o baño, e á cidadanía en xeral.


Visto o documento “PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE CATRO POSTOS PARA INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NA TEMPADA DE VERÁN 2017”.

Vista a providencia de Alcaldía de data 13 de marzo de 2017 mediante a que se dispón que polos Servizos Técnicos, se emita informe sobre a viabilidade das seguintes instalacións:

- Praia de Coroso (postos números 1 e 2)
- Praia de Touro-Punta Touro (posto número 1)
- Praia de Ameixida (posto número 1)

Visto o informe emitido polo aparelador municipal, de data 13 de marzo de 2017, ao respecto da adxudicación dos postos referidos para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal, no que se conclúe: “(...) *Analizados los antecedentes y el contenido del pliego de condiciones económico administrativas que regirán la adjudicación por vía de urgencia de cuatro puestos para instalación de*





*temporada en terrenos de titularidad municipal en la temporada de verano 2017 se informa que no existe inconveniente para su autorización en las condiciones de dicho pliego.”*

Visto que as superficies a ocupar forman parte de terreos de titularidade municipal e preténdese outorgar autorización administrativa de uso privativo dos devanditos bens de dominio público.

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 14/03/2017, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía de data 1 de xullo de 2015 (ditado ao abeiro do artigo 21.3 da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local*, de acordo co artigo 14.1 da *Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), por unanimidade dos presentes, **adopta os seguintes acordos:**

Primeiro.- Que se incorpore ao expediente a documentación oportuna (providencia da Alcaldía, informes técnicos, pregos de prescricións...).

Segundo.- Aprobar o documento denominado “PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE CATRO POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NA TEMPADA DE VERÁN 2017”, de data 13 de marzo de 2017, que rexerá a tramitación do expediente de autorizacións para ocupacións temporais de catro postos de quioscos e terrazas en terreos de titularidade municipal no entorno das praias de Coroso (2 postos), Touro-Punta Touro (1 posto) e Ameixida (1 posto), durante a tempada de verán 2017).


Terceiro.- Aprobar o expediente e dispoñer a apertura do procedemento de licitación.

Cuarto.- Remitir o acordo adoptado para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e na páxina web oficial do Concello de Riveira para xeral coñecemento.


PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE CATRO POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NA TEMPADA DE VERÁN 2017

1º.- Obxecto.

O Concello de Riveira convoca unha licitación coa finalidade de proceder á adxudicación de catro postos para quioscos de hostalería non permanentes (con terraza) en terreos de titularidade municipal, fóra do D.P.M.T. (dous postos en Coroso e un na Punta Touro, en zona de servidume de protección de costas; e un posto no entorno da praia da Ameixida, en zona de dominio público municipal), considerando que se trata dun uso común especial dos bens de dominio público e que se debe limitar o número de autorizacións.







As zonas de praia nas que se van a conceder as autorizacións para ocupación temporal e a relación dos quioscos que se van a instalar en cada unha son as seguintes, segundo a numeración dos planos que se xuntan (anexo I) a este prego e se sinalan:

- Praia de Coroso (postos números 1 e 2)
- Praia de Touro-Punta Touro (posto número 1)
- Praia de Ameixida (posto número 1)

Sendo intención do Concello conceder as autorizacións para a ocupación das superficies definidas no anexo I, procede abrir o proceso de licitación. Os solicitantes dos quioscos localizados en zona de servidume de protección de costas que resulten seleccionados con arranxo ao establecido nestas bases non obterán dereito de uso sobre dos mesmos ata que obteñan a correspondente autorización da Administración competente, que tramitarán pola súa conta. O solicitante do quiosco localizado en dominio público de titularidade municipal que resulte seleccionado con arranxo ao establecido nestas bases obterá directamente o dereito temporal de uso sobre o mesmo.

#### 2º.- Superficie de ocupación.

Os límites máximos de superficies que se poderán ocupar cos postos son os seguintes (incluída a terraza):

- Praia de Coroso:
  - Posto número 1: 25 m<sup>2</sup>
  - Posto número 2: 50 m<sup>2</sup>
- Praia de Touro-Punta Touro:
  - Posto número 1: 25 m<sup>2</sup>
- Praia de Ameixida:
  - Posto número 1: 25 m<sup>2</sup>

A fixación dos postos será de acordo cos planos das localizacións realizados polos Servizos Técnicos Municipais (anexo I). No momento da formalización de solicitudes polos particulares indicarán a superficie efectiva que pretenden ocupar.

#### 3º.- Prazo da autorización.


O prazo da autorización para ocupar os terreos de titularidade municipal será de catro meses (do 1 de xuño ao 30 de setembro) para a tempada estival 2017. Para os postos de Coroso e Touro os adxudicatarios deberán tramitar a correspondente autorización en servidume de protección de costas ante o Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

#### 4º.- Prezo base.

Os prezos base de licitación serán os indicados na ordenanza fiscal municipal B.2.8 (13,834541 €/m<sup>2</sup>), e poderán ser mellorados polos licitadores nas súas ofertas.

50 m <sup>2</sup>	m <sup>2</sup>	Trimestre	2º Trimestre
10	€13,834541	€ 138,35	€ 276,69
40	€16,601449	€ 664,06	€ 1.328,12
		€ 802,40	€ 1.604,81

25 m<sup>2</sup>





10	€13,834541	€ 138,35	€ 276,69
15	€16,601449	€ 249,02	€ 498,04
TOTAL		€ 387,37	€ 774,73

*As cotas establecidas na tarifa anterior serán aplicadas integramente aos 10 primeiros m<sup>2</sup> de cada ocupación. Cada m<sup>2</sup> en exceso sufrirá un recargo do 20% na contía correspondente segundo a tarifa.*

*Para a determinación da superficie computable, ademais da superficie ocupada estritamente polo quiosco, terase en conta a superficie anexa utilizada para exposición. A superficie redondearase sempre en exceso.*

*As contías establecidas na tarifa serán incrementadas nun 30% cando nos quioscos se comercialicen artigos en réxime de expositores en depósito.*

O Concello aprobará os importes a abonar pola exacción desta taxa, de acordo co previsto na norma tributaria.

A renuncia, por causas xustificadas, do posto unha vez adxudicado no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende o día seguinte ao da notificación da adxudicación, estimarase como incumprimento e non implicará dereito algún a devolución das cantidades ingresadas, sen prexuízo da aplicación das normas previstas no Regulamento de contratación.

A renuncia do posto unha vez adxudicado e transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles establecido no parágrafo precedente non será válida nin poderá admitirse pola Administración e implicará a obriga do adxudicatario a aboar o canon ofertado, con independencia de que instale o quiosco ou non. No caso de falta de pagamento do canon no prazo sinalado na base oitava, considerarase débeda coa Administración, que poderá reclamála a través dos medios de execución forzosa legalmente establecidos.

#### 5º.- Presentación de ofertas.

O prazo de presentación de ofertas será de quince días hábiles desde a publicación do anuncio da licitación no BOP.

O importe do anuncio de licitación, será por conta dos adxudicatarios e cobrado entre estes de forma proporcional.


#### 6º.- Normas de procedemento para a adxudicación.

Dentro do prazo establecido no apartado anterior, as persoas interesadas poderán presentar, en sobre pechado:

- A declaración responsable achegada como Anexo III a este prego.
- A súa oferta económica segundo o modelo contido no Anexo II destas bases, podendo ofertar por varios postos pero tendo en conta que só se adxudicará un posto por licitador. A tales efectos, polos ofertantes farase constar a orde de preferencia na licitación, pasando a continuación, ao seguinte na poxa por dito posto.

Unha vez realizada a licitación, se un dos adxudicatarios renunciase ao posto, este adxudicárase ao ofertante seguinte que máis se aproximase á oferta anterior para o mesmo posto, pero o prezo da adxudicación quedará fixado polo importe que ofertase o mellor licitador,





polo que o titular da segunda oferta terá dereito no caso de renuncia do da primeira á explotación do posto sempre e cando asuma voluntariamente o aboamento do importe que fose ofertado como mellor oferta, de xeito que o valor do posto quede invariable con independencia das renuncias que puideran existir. Esta regra servirá para o caso de renuncias sucesivas, podendo os ofertantes seguintes no caso de renuncia do anterior, asumir a titularidade do posto sempre e cando voluntariamente acepten aboar o importe máis alto que fose ofertado.

A oferta deberá expresarse en euros e comprenderá o canon que propón o licitador para a tempada.

No caso de que algún dos postos non recibise ningunha oferta por parte de ningún licitador, ou recibise unha oferta que non pode ser tida en conta porque o licitador resultase adxudicatario doutro posto, realizarase un procedemento abreviado no que poderán participar os licitadores que non resultaran adxudicatarios de ningún posto, podendo formular oferta en sobre pechado polo rexistro no prazo de dous días hábiles posteriores á data de celebración da mesa de contratación. Para a adxudicación deste posto que inicialmente quedara deserto utilizaranse os mesmos criterios aos utilizados inicialmente para o resto de postos na primeira licitación.


Para os efectos de computar a oferta en euros, no caso dos quioscos habilitase unha casilla no documento de solicitude na que o solicitante ao riscala, asume o compromiso formal de instalación dunha caseta de venda de madeira ou revestida nese material, de excelente presenza (de non riscala non asume ese compromiso, non podendo asumilo de ningún outro modo que non sexa o de riscar a casilla). Como se considera positivo a instalación deste tipo de casetas en beneficio da estética xeral dos areais, as ofertas que inclúan este compromiso riscando a casilla valoraranse engadindo a cifra de 1.500 € á inicialmente sinalada como oferta económica, de xeito que se considerará como oferta económica a suma de 1.500 € á proposta. De resultar adxudicatario o ofertante a través desta suma a liquidación que terá que aboar como canon será exclusivamente a cifra que propuxera como oferta económica, entendendo que a suma de 1.500 € só se computa aos efectos de ser a cifra máis elevada para a adxudicación. Todo isto se entende sen prexuízo de que no momento no que faga a instalación da caseta na praia, de incumprir o seu compromiso colocando unha caseta que non fose de madeira, non perderá a concesión sempre e cando a caseta cumpra cos requisitos mínimos dispostos na cláusula 9.7, pero en todo caso quedará obrigado a aboar 1.500 € en concepto de incremento de canon, para o que o Concello expedirá liquidación complementaria da cifra que ofertase, e estará obrigado a aboar a cantidade dos 1.500 € nos mesmos prazos que o recibo correspondente ao canon ofertado. Este feito xustifícase en que para resultar adxudicatario neste caso se tivo en conta o compromiso de instalación dunha caseta de madeira valorándoo en 1.500 €, polo que de incumprirse ese compromiso a penalidade corresponde que sexa o aboamento ao Concello de 1.500 €.


7º.- Apertura das ofertas recibidas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, convocarase a Mesa de contratación, aos efectos de clasificar as ofertas recibidas e posterior remisión da proposta de adxudicación ao Órgano de Contratación.

8º.- Adxudicación.

Unha vez que a Mesa de Contratación formule a proposta de adxudicación dos postos, requirirase aos licitadores para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:





- Garantía ou fianza: documento acreditativo de constitución da garantía ou fianza na Tesourería municipal segundo importe que lle corresponda establecido no artigo 9º.

Sen este ingreso, non adquirirá firmeza a adxudicación realizada. Todo iso sen prexuízo das competencias da administración autonómica en materia de Costas, ante a que deberán solicitar autorización individualmente os adxudicatarios dos postos de Coroso e Touro.

9º.- Obrigas dos adxudicatarios.


Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen, os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:


1) *Económicas.*- O pago do canon de adxudicación mediante domiciliación bancaria no prazo de 10 días dende que adquira firmeza a adxudicación do posto (e no seu caso do canon complementario de 1.500 € no caso de incumprimento do compromiso de instalación dunha caseta de madeira consonte á cláusula 6ª deste prego), estarán obrigados a:

- a) Prestar unha fianza por importe de:  
1.000 €, no caso do posto núm. 2 de Coroso.  
500 €, nos restantes postos (posto núm. 1 de Coroso, posto núm. 1 de Touro-Punta Touro e posto núm. 1 de Ameixida).  
Para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias. A tal efecto, a garantía ou fianza estará constituída pola cantidade depositada na Tesourería do Concello. Para os efectos da devolución desta cantidade, o interesado ten a obriga de solicitala por escrito unha vez rematada a tempada 2017, debendo xuntar necesariamente un certificado da entidade bancaria da conta onde de vai transferir.
- b) Os candidatos á adxudicación dos postos non poden ter pendentes débedas co Concello de Riveira, e a tal fin presentarán a correspondente certificación.
- c) De conformidade coa Lei de Costas e o seu Regulamento, os adxudicatarios dos postos de Coroso e Touro-Punta Touro deberán tramitar a correspondente autorización para instalar o quiosco na zona de servidume de protección ante o Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
- d) É obriga dos adxudicatarios facerse cargo da parte proporcional que lles corresponda do importe do anuncio de licitación.
- e) Pagar as taxas recollidas na Ordenanza fiscal número B.1.12 por recollida de residuos, mediante domiciliación bancaria xunto co canon ofertado.

2) *Limpeza.*- Con carácter xeral, todos os adxudicatarios estarán obrigados a efectuar o depósito de desperdicios de lixo derivados da súa actividade nos contedores de recollida de residuos municipais máis próximos, no horario previsto na Ordenanza municipal de limpeza, e nas condicións que sinala a normativa (os residuos recolleranse en bolsas debidamente pechadas e farase a separación por fraccións segundo o modelo de xestión implantado). O adxudicatario deberá ter o contorno do seu posto en perfecto estado de limpeza.

3) *Fiscais.*- Os adxudicatarios, con anterioridade ao inicio da actividade, deberán achegar unha declaración xurada de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas en materia fiscal e de Seguridade Social así como de non estar incursos en causa algunha





que lles impida contratar coa administración, de conformidade co previsto na lexislación de contratos das Administracións Públicas e presentar o recibo da licenza fiscal co epígrafe correspondente da actividade de que se trata.

4) *Carné de manipulador de alimentos.*- Os adxudicatarios deberán dispoñer de carné de manipulador de alimentos, expedido pola administración competente.

5) *Instalación eléctrica.*- O tendido eléctrico, por conta do adxudicatario, deberá ter as máximas condicións de seguridade, sendo da súa responsabilidade os danos que fosen causados a persoas ou bens por deficiencias na instalación.

6) *Situación das instalacións.*- A situación das instalacións deberá axustarse estritamente á localización que se sinale na autorización.


7) *Quioscos.*- Queda totalmente prohibida a execución de obras de fábrica de calquera natureza. A instalación deberá realizarse con sistemas e/ou materiais facilmente desmontables, nobres e de boa presenza, manténdoos en boas condicións e desmontándoos ao finalizar o período de autorización. Así, os postos non poderán contar con publicidade. Para os efectos de coñecer as propostas de instalación, os interesados no momento de presentación da oferta deberán achegar unha fotografía da instalación que pretenden realizar. No caso de que non a xuntasen, e sendo o caso de presentar a mellor proposta económica, o Concello deberá requirirille a fotografía antes de emitir a proposta de adxudicación, tendo polo tanto esta eiva na entrega da documentación carácter emendable. Todo isto con independencia da instalación dunha caseta de madeira de excelente presenza que será valorada conforme á cláusula sexta do presente prego.


8) *Autorización.*- A autorización pola que se permite a ocupación temporal dos terreos de titularidade municipal para a instalación de quioscos con terraza nas praias antes citadas, ten carácter condicional e precario, polo que a Corporación, en calquera momento, poderá acordar o desmantelamento dos postos se non se cumpren as condicións establecidas, ou ben, por motivos de interese público.

A autorización municipal non exime de obter as demais autorizacións, licenzas e permisos que legalmente podan ser esixibles.

De conformidade co previsto no artigo 61.3º do Regulamento de bens das entidades locais, non serán transferibles as licenzas que se refiran ás calidades persoais do suxeito ou que teñan limitado o seu número.

9) As instalacións temporais deberán permanecer abertas ao público de xeito que presten o servizo para o cal foron autorizadas, non podendo permanecer pechadas máis de 3 días consecutivos, implicando esta falla de utilización do permiso, a caducidade do título, sen prexuízo da incautación da fianza por incumprimento. Queda fixado tamén un horario de apertura e peche das instalacións, aplicable durante todos os días da semana, de xeito que a apertura realizárase a partir das 11 horas e o peche non poderá ir máis aló das 23 horas. Considerarase incumprimento deste horario o feito de que a instalación permaneza pechada durante máis de 3 días consecutivos durante o horario de mañá (das 11 ás 16 horas) ou de tarde (das 16 ás 23 h), e posibilitará a declaración de caducidade do título, sen prexuízo da incautación da fianza, xa que en todo caso a natureza das instalacións é para que dean servizo á praia durante todo o día.





10) De conformidade co establecido no artigo 91 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, a tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.

Extinguida a autorización, o titular está obrigado a retirar fóra da zona de servidume de costas e fóra do dominio público municipal as instalacións correspondentes no prazo de dez (10) días, cando así o determine a administración competente e, en todo caso, ao final da tempada, así como a restaurar a realidade física alterada.

Serán causa de caducidade, parcial ou total, desta autorización, as seguintes:

- A alteración dos usos autorizados.
- Aumento da ocupación autorizada en máis dun 10%.
- Almacenamento exterior de materiais ou depósitos de residuos das explotacións.
- Evacuar ou verter augas sucias e residuos sólidos.
- A instalación de fosas sépticas non autorizadas.
- Incumprimento das obrigas e condicións desta autorización e, no caso dos postos localizados en zona de servidume de protección de costas, o incumprimento de calquera das condicións establecidas na normativa aplicable.

11) *Dereito supletorio*. - No non previsto neste prego, será de aplicación o disposto na normativa xeral aplicable.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 16 de marzo de 2017

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle